

A CANDIDATA PERFECTA

Haifaa Al-Mansour, 2019

650

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2020 | V.O.S.E. | TP

The Perfect Candidate (2019, 101')

Dirección: Haifaa Al-Mansour

Guión: Haifaa Al-Mansour, Brad Niemann

Elenco: Mila Al Zahrani, Nora Al Awadh, Dae Al Hilali

Son: Sebastian Schmidt

Fotografía: Patrick Orth

Montaxe: Andreas Wodraschke

Dirección de arte: Abdulrahman Abu Al Faraj,

Khalid Gaith, Tamara Kalo

Vestuario: Heike Fademrecht

Música: Volker Bertelmann

Produtora: Vendor House Productions (Arabia Saudí)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Árabe

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2019 (Sección Oficial), Toronto 2019 (Contemporary World Cinema)

FILMOGRAFÍA

Desmelenada, 2018

The Wedding Singer's Daughter, 2018 [curtametraxe]

Mary Shelley, 2017

La bicicleta verde, 2012

Women Without Shadows, 2005

Ana Wa Alakhar, 2001 [curtametraxe]

Al-rahil al-murr, 2000 [curtametraxe]

Who?, 1997 [curtametraxe]

SINOPSE

Maryam é unha nova e ambiciosa médica que traballa no centro de saúde dunha pequena cidade de Arabia Saudí. A pesares da súa alta cualificación, debe gañarse a diario o respecto dos seus compañeiros homes e a aceptación dos pacientes. Indignada co concello, que demora asfaltar o camiño de acceso ao hospital, decide presentar a súa candidatura ás eleccións municipais. O seu pai é músico e está de xira tocando nos primeiros concertos públicos permitidos no Reino de Arabia Saudí en décadas. A súa inesperada candidatura á alcaldía sorprende a familia e sacude unha comunidade nada afeita á idea de que unha muller dirixa o consistorio.

«Un filme apaixonado, forte e decidido, ninguén se pode resistir»

Xan Brooks, THE GUARDIAN



Comentario da directora

A candidata perfecta segue unha médica saudí que desafia o sistema patriarcal ao presentar a súa candidatura á alcaldía para arranxar a estrada que leva ao centro de saúde onde traballa. Quero amosar a través do seu percorrido que as mulleres poden ter un papel positivo na sociedade saudí e, ao mesmo tempo, construír a forxa o seu destino. Quero alentar ás mulleres saudíes a atreverse a saír do sistema que leva tanto tempo reténdonos. As mudanzas só terán lugar se as perosas que máis as precisan loitan por elas na súa vida diaria.

O subtexto do filme céntrase na necesidade de respectar e honrar as nosas poderosas tradicións culturais e artísticas para que nos guíen no noso esforzo de modernización do país. En todo momento prohibiuse calquera manifestación artística. Aos poucos vólvense abrir salas de concertos, cinemas e galerías de arte; por iso me parece que chegou o momento de estudar o rico patrimonio artístico que case perdemos. Debemos recuperar, restaurar e devolver á vida a nosa música tradicional e as nosas imaxes. Agora abríronse cinemas e permítese ás mulleres conducir no Reino Saudí, quero mostrar o esforzo que requerirá un auténtico cambio.

“Quero amosar ao mundo como somos as mulleres saudíes cando nos destapamos”

Entrevista con **Haifaa Al Mansour**

Tanto n’A bicicleta verde (2012) como n’A candidata perfecta vemos como as mulleres existen en dous mundos moi diferentes, o público e o privado. Pode dicirnos algo do mundo privado? O mundo privado das mulleres saudíes é moi especial porque a súa vida pública é moi limitada. En público, as nosas identidades están ocultas, os nosos movementos e oportunidades restrinxidas e controladas. Pero na intimidade do fogar, en reunións de mulleres, quitamos o veo e esquecemos as presións procedentes do exterior, sentímonos libres. O fogar é un auténtico santuario para as mulleres e sempre tento amosar o fortes que son as ataduras familiares. As vodas, outro acontecemento no que os sexos están separados en Arabia Saudí, son unha ocasión para que as mulleres sexan elas propias con toda liberdade e foi outro decorado que empregamos no filme. Quero amosar ao mundo como somos as mulleres saudíes cando nos destapamos: tamén podemos ser nós mesmas, bailar, ter imaxinación, humor, sermos descaradas...

Vostede dirixiu secuencias d’A bicicleta verde desde o interior dunha camioneta por non poder estar co equipo masculino. Foi diferente esta rodaxe? Foi marabilloso saír

da camioneta! Puiden mesturarme libremente co meu equipo e mergullarme na rodaxe. Tamén foi incríbel que tantos mozos entusiastas traballasen comigo. Representan o futuro da industria. Velos entregarse a fondo para que o filme saíse ben foi algo moi especial. Como dixen antes aínda nos queda moito para que os nosos técnicos teñan experiencia, pero súpleno con entusiasmo. Agora mesmo, ser directora de cinema en Arabia Saudí é moi emocionante.

Hai pouco un decreto permitiu ás mulleres viaxar ao estranxeiro sen permiso previo da garda real. Que importancia ten este avance? Todo os avances son importantes e representan cambios cruciais na zona. Por iso decidín que o filme comezase coa protagonista conducindo un coche. É algo que hai un ano parecería imposible. Pero agora son as mulleres as que deben aceptar estes cambios e arriscarse a probar algo novo. Agardo que máis mulleres comecen a conducir e traballar en ambientes mixtos, a viaxar soas ou sinxelamente a facer cousas que as fagan felices. Agora é o momento!

Publicado en www.golem.es/distribucion/
Tradución: Xan Gómez Viñas

A directora

Haifaa Al Mansour (Al Zulfi, 1974) é a primeira muller directora de cinema de Arabia Saudí. O éxito das súas primeiras curtametraxes, así como o seu galardado documental *Women Without Shadows*, de 2005, influenciou a todo un grupo de mulleres cineastas no seu país. Debuta na longametraxe en 2012 con *La bicicleta verde*, primeiro filme de ficción dirixido por unha muller na historia de Arabia Saudí e en 2017 viaxa a Reino Unido onde asina *Mary Shelley*.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax